



# Esta é como Santa María de Ribela (CSM 304)

Mercedes Brea  
mercedes.brea@usc.es

**Resumo.** A cantiga que leva o número 304 no códice E das *Cantigas de Santa María*, coñecido como «Códice dos Músicos», e o 77 en F (conservado en Florencia), narra un milagre que acontece decotío nunha aldea chamada Ribela. Os datos que o texto proporciona sobre o lugar non permiten identificalo de forma fiable, pero chama tamén a atención a tipoloxía do prodixio, que leva a pensar nunha tradición local que non está ben claro como chegou ao escritorio afonsoino.

**Abstract.** The cantiga 304 from the E codex of *Cantigas de Santa Maria*, known as «Codex of Musicians», and the number 77 from the F codex (preserved in Florence), narrate a miracle that happens daily in a village called Ribela. The data included in the text do not allow to identify the place reliably, but its typology also draws attention, which leads us to think of a local tradition that it is not quite clear how it got to Alfonso's desk.

Cando nos atopamos diante dun topónimo (e tanto ten que sexa de hoxe como de hai 800 anos) do que non temos máis referencias que un escueto nome, aínda que vaia acompañado da advocación da súa igrexa parroquial, é moi difícil asegurar que acertamos ao identificalo (sobre todo se resulta de uso frecuente<sup>1</sup>), e máis aínda se a advocación actual non coincide coa que buscamos. Complícase a situación cando a igrexa actual non parece ofrecer restos da súa existencia en época medieval (se é iso o que buscamos) e tampoco resulta doado encontrar datos históricos sobre a mesma.

Esta é, máis ou menos, a situación á que nos enfrontamos ao tratar de comprobar se a Ribela mencionada nunha das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X é a parroquia da Estrada que hoxe ten (e disque desde sempre<sup>2</sup>) como patrona Santa Mariña e non a Virxe

- 1 Basta con botar unha ollada a <https://toponimia.xunta.gal/es/visor?termino=Ribela> [última consulta: 19/09/2023] para comprobar que este en particular (como moitos outros) está repartido por toda Galicia, aínda que –curiosamente– non aparece rexistrado no concello da Estrada. Están rexistradas, sí, dúas Ribelas en Cerdedo, pero ningunha, tampouco, en Forcarei (o linde entre os concellos da Estrada e Forcarei pasa precisamente por Ribela).
- 2 Por exemplo, Reimóndez Portela (2007: 317) recolle: «Polo dito nome de Santa Mariña de Ribela é coñecida esta parroquia desde tempos dos que non temos lembranza».



Igrexa de Santa Mariña de Ribela (foto da autora)

María, Referímonos á cantiga recollida no códice F (conservado na Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze, Banco Rari 20) co número 77 e no E (J.b.2., do Real Monasterio do Escorial) co número 304<sup>3</sup>.

Pode advertirse que consta de 5 estrofas (a primeira, con notación musical, como é habitual) de catro versos, que se completan coa repetición do refrán inicial (dous versos). Todos os versos teñen 15 sílabas e rima feminina (grave), segundo o modelo trobadoresco das *cobras singulares* (é dicir, diferentes en cada estrofa), versos que

3 Este é o número que mantén na edición de Mettmann (1981). Mostramos a imaxe da cantiga tal e como figura no códice E (coñecido como Códice dos músicos); as fotos están tomadas da reprodución dixital que ofrece o Real Monasterio del Escorial en <https://rbme.patrimonionacional.es/s/rbme/item/11338#?c=&m=&s=&cv=552&xywh=-2738%2C0%2C9219%2C5616>.



tas escritas (en latín ou romance) nas que poida estar baseado, senón que parece un milagre «menor», froito dunha tradición local que puido chegar ao equipo redactor das CSM a través dalgún personaxe orixinario da zona que coñecese esa tradición.

O *refrán* contén normalmente a ensinanza que o relato pretende transmitir; neste caso:

Aquela en que Deus carne predeu e nos deu por lume,  
Das cousas limpias se paga sempre, tal é seu costume.

É dicir, á nai de Deus, que El nos deixou para que nos sirva de guía ('luz'), góstanlle as «cousas limpias», como corresponde á súa dignidade. O exemplo empregado para demostralo é o milagre que realiza nunha «aldea que nome á Ribela», I, v. 3), na que había de vello un mosteiro da orde beneditina, do que só queda unha igrexa dedicada á Virxe, que ten cinco altares dos que Deus quere que destaque sobre todos o de María, porque nel só pode arder sempre aceite de oliva limpo e claro. Nos demais pódese usar aceite de liñaza, pero este non arde se se pon diante da Nosa Señora, «e est'é provado / muitas veces eno ano» (III, vv. 3-4), pois a miúdo tanto cabaleiros como labradores, cregos, monxes e frades, e todo tipo de fieis, fixeron a proba de prender outros aceites no altar da Virxe e sempre se apagaban. Por iso, todos os veciños desa terra xa non intentan poñer nas súas lámpadas outro aceite que non sexa de oliva.

A cantiga proporciona algúns datos que poderían ter interese para localizar a igrexa en cuestión: tendo en conta que se compón na segunda metade do s. XIII, trátase dun santuario que é o único vestixio que queda dun mosteiro beneditino anterior, e ten –nese momento– cinco altares. Facendo unha cala na *Enciclopedia del Románico* (<https://www.romanicodigital.com/>) que a Fundación Santa María la Real pon en liña a disposición dos interesados neste período, a única igrexa que aparece é a de S. Xillao de Ribela (a advocación non é, pois, tampouco a Santa María), en Coles (Ourense), que, de todos modos, non sabemos se podería cumprir esas características, porque non se indica se existiu previamente un mosteiro nin se tiña cinco altares, a causa das modificacións a que foi sometida no tempo<sup>6</sup>. En

6 «De nave única y ábside rectangular, ha sufrido modificaciones que la han llevado a perder este último en favor de una barroca capilla mayor.» (p. 791).

sete séculos e medio son moitas as igrexas que sufriron modificacións deste tipo –e máis fondas–, cambios de advocación e titularidade, e mesmo que puideron desaparecer por completo.

Portada da igrexa de S. Xillao de Ribela (Coles, Ourense)<sup>7</sup>



A documentación debería axudar a suplir, polo menos parcialmente, estas lagoas, e, de feito, unha consulta na base de datos CODOLGA (<https://corpus.cirp.gal/codolga>) proporciona unhas 35<sup>s</sup> ocorrencias de Ribela, algunhas no interior dun mesmo documento, entre 1032 e 1313. Non obstante, entre elas só atopamos unha referencia a un «capellanus ecclesie de Ribela» nun Tumbo de Sobrado, con data 04/10/1210<sup>9</sup>, outro «capellanus de Ribela» nun documento de Oseira de 08/07/1263<sup>10</sup>, e á «ecclesia Sancti Iuliani de Ribela» (Ourense, 17/09/1239)<sup>11</sup> / «fabrice Sancti Iuliani de Ribela» (Ourense, 24/03/1272)<sup>12</sup>. No resto dos casos, non resulta doado ubicar con exactitude de qué Ribela se pode tratar, pero os dous últimos testemuños citados deixan claro que no s. XIII a igrexa de Coles estaba dedicada a S. Xillao e non a Santa María.

7 A fotografía está tomada do artigo dedicado a esta igrexa na Enciclopedia del Románico ([https://www.romanicodigital.com/sites/default/files/pdfs/files/ourense\\_Ribela.pdf](https://www.romanicodigital.com/sites/default/files/pdfs/files/ourense_Ribela.pdf), p. 792) [última consulta: 25/09/2023]

8 O número total que devolve a base de datos é de 58, pero son varios os casos en que se trata de copias ou edicións diferentes dun mesmo documento.

9 Loscertales (1976: II, 275).

10 Romaní (1989: II, 860).

11 Duro Peña (1996: I, 162 – 163).

12 Duro Peña (1996: I, 330-332).

Filgueira Valverde (1980: 34) realizara xa unha busca do santuario en cuestión, e chegou á conclusión de que podería tratarse dun lugar en Xinzo de Limia, onde encontrou constancia dun mosteiro que deixara de ser de benedictinos por un privilexio de Afonso IX. A pesar diso, unha nova busca na base de datos citada na nota 1 non ofrece tampouco ningún resultado actual para Ribela na zona de Xinzo de Limia, e a busca en CODOLGA, pola súa parte, dá conta dun «castellum de Ribeira et monasterium Sancte Marie de Ribeira per parte de Cellanova» nun documento do 26/01/1224<sup>13</sup>, que non parece (pola indicación precisa da zona) que poida ser o mencionado por Filgueira, se ben é certo que en Xinzo pode atoparse un «Mosteiro de Ribeira», o que, en calquera caso, levaría a admitir unha posible confusión ou unha errata de Ribela por Ribeira (outro topónimo moi extendido por toda Galicia).

Recentemente, Negri (2021: 492-494) asume a proposta de Filgueira e fai fincapé na ausencia de fontes escritas localizadas para o milagre, así como no asunto narrado, xa que «O motivo milagroso da queima de aceite puro de oliva en vez do de liñaza como condición necesaria para, ao mesmo tempo, manter ‘aceso’ o culto á Virxe e proporcionarlle a xusta devoción resulta ser bastante orixinal no panorama haxiográfico» (p. 493)<sup>14</sup>.

Todo apunta a pensar que a orixe do relato pode ser unha tradición local, que circulase oralmente na zona na que acontecía o prodixio (neste caso, non puntual, como en moitas narracións<sup>15</sup>, senón con carácter permanente), polo que sería interesante coñecer a vía pola que chegou ao escritorio afonsino, e tanto Filgueira como Negri apuntan dúas posibilidades: (a) tivo oportunidade de coñecelo persoalmente o Rei Sabio durante a súa estadía xuvenil por terras do

13 Vaquero Díaz (2004: I, 49-50).

14 Alude tamén Negri (p. 494) a un posible valor simbólico das oliveiras, tendo en conta que, con relativa frecuencia, se celebran (talvez máis no norte de Portugal que en Galicia) imaxes de Nosa Señora da Oliveira porque se conta que foron encontradas precisamente no tronco dunha arbre deste tipo.

15 Por mencionar só un que fai unha referencia ocasional a esta mesma zona, pénsese na cantiga que leva o número 273 en E e o 39 en F, cunha estrutura formal semellante á 304, pero o dobre de longa (10 estrofas), que trata de «como Santa María deu fios a u ome bõo pera coser a savãa do seu altar», é decír, un acontecemento puntual que se ubica en Ayamonte, pero que menciona Ribadulla para dar conta da enorme extensión que abarca a cualidade da agulla de que dispón ese home para coser o mantel do altar: «ca eu agulla / tenno que non á tan bõa daqui ata Ribadulla (VI, vv. 2-3; Mettmann 1981: 66). Sobre esta cantiga, pode verse a recente contribución de Neira Pereira (2022).

sul das provincias de Ourense e Pontevedra; (b) foi unha aportación dun trobador presente na corte e orixinario desa aldea chamada Ribela. Caben, naturalmente, máis opcións, pero estas dúas poderían parecer plausibles, se non fose porque a primeira está apoiada en feitos históricos non suficientemente probados (Oliveira 2010a e 2010b) e, ademais, levaría a supoñer que o suceso impresionara tan fortemente a Afonso X como para que o mantivese na memoria durante varias décadas.

A segunda hipótese, á falta dun estudo mellor documentado, podería ter pleno sentido se puidese ser demostrado algún tipo de participación no equipo redactor das CSM de Roi Paez de Ribela, un trobador do que se conservan trece cantigas de amor e oito de escarnio e sobre a orixe do cal tampouco existen certezas. Oliveira (1994: 434) considera que podería tratarse dun Roi Paez documentado en 1283 en Santa Giáá (Santa Xuliana) de Monfero, fillo do Pai Soares de Ribela que testemuña en 1204 unha venda de bens en Búbal ao priorato do Sar. As referencias contidas nas súas cantigas de escarnio a «Sevilh' Anrique» e a «Fernand' Escalho» permiten situalo cronoloxicamente: Sevilha Enriquez está documentada en Burgos nos anos 1258, 1280 e 1282 pola doazón que recibe de Alfonso X; Fernand' Escalho foi escarnecido tamén polos trobadores Pero Garcia Buralês e Pero Garcia d' Ambroa, o que induce a Oliveira a supoñer que o noso trobador se relacionou con eles na corte de Castela, ao redor do infante Alfonso, durante a década dos corenta<sup>16</sup>. Se temos en conta que as súas cantigas de amor foron recollidas no *Cancioneiro da Ajuda* (ademais de en B), cabe pensar que se trataría dun cabaleiro, como por outra parte mostra o seu retrato neste códice (f. 48r)<sup>17</sup>:



16 Pola súa banda, o seu editor crítico, Barbieri (1980), aportaba indicios que parecen indicar que puido estar tamén algún tempo na corte portuguesa de Afonso III durante o terceiro cuarto do s. XIII.

17 Lémbrese que no *Cancioneiro da Ajuda* (A) non figura o nome de ningún autor, polo que as atribucións son feitas a partir do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal* (B) e do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* (V), que si conteñen rúbricas coa indicación dos trobadores.



Nos cancioneros, está precedido por Johan Perez de Aboim (trovador asentado na corte portuguesa de Afonso III), a quen segue en A un anónimo e en B (no sector de amor) Rodrigu'Eanes Redondo (tamén portugués, pero que formou parte do séquito de Sancho II no seu exilio castelán), e vai seguido por Johan Lopez de Ulhoa, que terá pertencido a unha liñaxe orixinaria de Monterroso, na Ulla, e con propiedades na costa, na ría de Noia (Souto Cabo 2012: 102). Se a proximidade a este último fose indicio dunha proximidade no relativo á procedencia, non habería moita dificultade en pensar na parroquia estradense de Ribela como lugar de orixe de Roi Paez, algo ao que tampouco se oporía unha venda de propiedades do seu pai ao priorato de Sar.

En calquera caso, este tipo de relacións que fomos esbozando non ofrece outra cousa que meras conxecturas, para as que nin atopamos demostración fiable nin tampouco obxeccións de peso. Este é o motivo polo que as únicas conclusións posibles para estas notas son unha serie de preguntas:

- Cal é esa aldea chamada Ribela na que acontece o milagre narrado na cantiga 304 das CSM? Pode ser a parroquia estradense do mesmo nome<sup>18</sup>, ou sería mellor pensar no mosteiro de S. Xillao de Ribela, en Ourense, ou noutro lugar do que talvez se perdeu a memoria?
- Cómo chegou o prodixio a coñecemento do equipo que acompañaba a Afonso X na compilación e redacción dos milagres? Podía haber nese nutrido grupo de trovadores da corte afonsina algún que fose orixinario dunha aldea chamada Ribela?
- De ser así, cabería pensar que ese trovador fose Roi Paez de Ribela? E, nese caso, de qué Ribela se trataría? Podería ser a nosa?

18 Aínda que o dato estea collido con alfileres, pódese aducir que, na toponimia menor desta Ribela, consérvase *A Granxa*, que podería facer referencia a un establecemento agrícola dependente dun mosteiro, posto que, segundo Aebischer (1948: 216), esta denominación (procedente do francés *grange*) «ne commence à montrer de la vitalité qu'à partir du moment où il fut adopté para les Cisterciens pour désigner leurs établissements agricoles modèles». De feito, o topónimo está moi extendido na documentación medieval para referirse a grandes centros de explotación agraria dependentes directamente de mosteiros e que representan unha reorganización profunda da economía rural na Idade Media.



Confiemos en que, algún día, algún investigador atope respostas incuestionables. No entanto, mellor será manter unha actitude prudente e deixar abertos todos os interrogantes.

## Bibliografía citada

- AEBISCHER, Paul (1948), «GRANICA “grange” et sa descendance dans les dialects italiens et les langues de la Péninsule Ibérique», *Revista Portuguesa de Filologia*, II, pp. 201-219.
- BARBIERI, Mario (1980), «Le poesie di Roy Paez de Ribela», *Studi Mediolatini e Volgari*, XXVII, pp. 7-104.
- DURO PEÑA, Emilio (1996), *Documentos da catedral de Ourense*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Ponencia de Patrimonio Histórico.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé F. (1980), *Afonso X e Galicia. E unha escolma de cantigas*, A Coruña: Real Academia Galega.
- LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976), *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural-Archivo Histórico Nacional.
- METTMANN, Walter (ed.) (1981), *Afonso X o Sabio, Cantigas de Santa María*, Vigo: Xerais [reimpresión da primeira edición de Coimbra 1959-1972].
- NEGRI, Manuel (2021), «Afonso X e as Cantigas de Santa María localizadas en Galicia», en M. Brea – P. Lorenzo Gradín (eds.), *Afonso X e Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 479-500.
- NEIRA PEREIRA, Henrique (2022), «A cantiga do rei Afonso X ‘o Sabio’ que fala de Ribadulla», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 25, pp. 9-12.
- OLIVEIRA, António Resende de (1994), *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri.
- OLIVEIRA, António Resende de (2010a), «D. Afonso X, infante e trovador. I. Coordenadas de uma ligação à Galiza», *Revista de Literatura Medieval*, 22, pp. 257-270.
- OLIVEIRA, António Resende de (2010b), «D. Afonso X, infante e trovador. II. A produção trovadoresca», *La parola del testo*, XIV, pp. 7-19.
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (2007), *A Estrada rural*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra [2ª ed., corrixida e aumentada por Valentín García Gómez].
- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (dir.) (1989), *A colección diplomática do Mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*, Santiago de Compostela: Tórculo, 1989-2008.
- SOUTO CABO, José Antonio (2012), *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niterói-Rio de Janeiro: Universidade Federal Fluminense.
- VAQUERO DÍAZ, María Beatriz (2004), *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, Santiago de Compostela: [s. n.].